así vemos... Venecia

4 ANOS C

A partires do conto "Rúas de auga" co que iniciamos unha das unidades traballadas. Os nenos/as de 4 anos C "viaxaron" a Venecia acompañados da súa mascota MIÑOCA quen ademáis de contarlles unha historia sobre unha nena chamada Daniela que vive nesa cidade, tamés lles falou do máis característico que alí hai. Esto non foi máis que o principio porque o interese despertado foi tan grande que decidimos que cada neno/a trouxera información cas ilustracións, cousa que todos coma sempre, trouxeron sobradamente grazas a magnifica colaboración das familias a quen aproveitamos para agradecerllelo.
Con todo este material, fixemos un mural e adicamos casi unha xornada a comentar a información, observar todas as fotos, tampouco faltaron as imáxes en vídeo, cancións e incluso degustación dalgún postre relacionado co tema.
Como resultado deste traballo, durante varios días dedicamos unha pequena parte da xornada a facer debuxos sobre o que máis chama a atención de Venecia: góndolas, vaporetas, Gran Canle, carnaval veneciano, Antonio Vivaldi nado en Venecia,... E así é como ven Venecia estos nenos e nenas.



Góndola

Vivaldi


O Gran Canle

COÑECEMENTO DO MEDIO

alguén sabe... que pasa co tempo?

ANDREA. 5ºB

Hai moita calor, choivas fortes, frío, tormentas, todo en poucas horas ou días. Invernos calurosos, veráns con temperaturas extremas (tanto frío como calor e choivas fortes). O tempo cambia de maneira constante e sen poder predecilo. Que sucede?.
Según os expertos hoxe en día os gases que compoñen a atmosfera, están feitas directa ou indirectamente polas actividades humanas.
Actualmente sábese polos especialistas que o clima global estará sendo afectado entre outras cousas a consecuencia da concentración de gases invernadoiro e dá como resposta a alteración das precipitacións e os ecosistemas. Tamén ten consecuencia no home como: enfermedades, extincións, inundacións e sequías.
Seguiremos tendo días calurosos no inverno seguidos de tormentas e días fríos no verán seguidos de calor.

ÁNGELA. 5ºB

A TORMENTA PERFECTA

DIEGO. 5ºB

A derradeira fin de semana de febreiro presentábase: todas as miñas actividades deportivas suspen-déronse por mor do forte temporal que ía azotar Galicia.
O vento roubaba o protagonismo ás chuvias caídas na comunidade nos últimos días; previsións de ráfagas de ata case 200 km por hora disparaban a alerta vermella en toda a comunidade Galega. A poboación preparábase para a “tormenta perfecta”, chamada cicloxénesis explosiva na linguaxe científica. Por iso, en Santiago os habitantes “atrincheirámonos” na casa, mais os ventos non superaron os 70 km por hora. Iso si as chuvias foron intensas como é habitual.

O CICLÓN

JACOBO. 5ºB

Un ciclón é un furacán que xira en grandes círculos a modo de remuíño arredor dun centro de baixa presión e de forza prodixiosa. Os ciclóns orixínanse sobre os mares cálidos, que teñan polo menos 27 grados de temperatura. A velocidade do vento alcanza os 120 km. ou incluso máis. O ollo do furacán é o centro, que non ten nubes, pero ao seu arredor xiran as nubes verticais coa forza do vento.
No hemisferio norte o remuíño xira en sentido antihorario e no hemisferio sur en sentido horario. O ollo do furacán ten un diámetro de entre 15 a 50 km..
O nome que reciben os ciclóns varía segundo a zona: furacáns en América, ciclóns na India e tifóns no Pacífico Occidental